

lagarta lagarta presenta

O Segredo dos Hoffman

Baseada na novela El secreto de los Hoffman
de Alejandro Palomas
Adaptación teatral de Roberto Salgueiro

Xosé Barato

Ernesto Chao

Belén Constenla

Rebeca Montero

Dirección: Rosa Álvarez



O SEGREDO DOS HOFFMAN

Un texto de Roberto SALGUEIRO e Alejandro PALOMAS

REPARTO

LUCAS HOFFMAN.....Xosé BARATO
ADOLFO HOFFMAN.....Ernesto CHAO
MARTINA HOFFMAN.....Belén CONSTENLA
VERÓNICA HOFFMAN.....Rebeca MONTERO

Dirección.....Rosa ÁLVAREZ
Axudante de Dirección.....Marta SACAU

EQUIPO TÉCNICO

Diseño de Escenografía.....Equipo ERRO
Iluminación.....Alfonso PARRA
Música: obras de.....Fran Pérez NARF
Diseño de Vestuario.....Equipo ERRO
Realización de Escenografía.....ESCENOSSET sl
Diseño Gráfico.....Equipo ERROMAR
Fotografía.....Tino VIZ (Margen)
DVD Promocional e
Gravación Banda Sonora.....Paco GÓMEZ
Asistencia Técnica.....RTA

Auxiliar de producción: Mauro CHAO
Producción Executiva: Ernesto CHAO, Marta SACAU

PRODUCCIÓN: LAGARTA LAGARTA

A novela de Alejandro Palomas é un precioso camafeo que acocha unha intensidade de sentimentos, a historia emocional dunha familia perdida no pasado. Esta adaptación teatral busca un lugar, como a novela, onde encerrar os personaxes para que, coa forza dun trebón, unha visita inesperada axite as emocións duns individuos ancorados, despois de vinte anos, na morte dun ser querido. Cada instante desta peza, como da novela, é un momento de enérxico brío; cada palabra, cada silencio, o resumo dunha traxedia persoal pendente do seu desenlace.

Roberto SALGUEIRO

Os Hoffman son un universo próximo: catro membros dunha familia que de súpeto, e na que quizáis sexa unha ocasión irrepetible na vida de todos eles, deciden achegarse, preguntar e confesar o que sempre temeron saber e escoitarse dicir. Hai familias así e momentos así en todos os rincóns do mundo, momentos nos que todo cambia porque chega a verdade e xa non hai volta atrás. *O segredo dos Hoffman* somérxese nas coordenadas que vertebran a condición humana e que lle dá unha voz común e un só fin: aprender a vivir no amor polas cousas que realmente importan e facelo con valor, dende a emoción e tamén dende o perdón.

Alejandro PALOMAS



Todos e todas **estamos rodeados de segredos** case dende que nacemos, de segredos íntimos que forman parte e fan a nosa personalidade, para ben e para mal.

Nesta sociedade perdeuse o pudor do íntimo, dos segredos verdadeiros. Estamos fartos de ver como nos medios de comunicación contan os “segredos” das persoas, da sociedade, da vida, con tal grado de impudor que xa non sabes o que é verdade ou é mentira.

É preciso recuperar uns códigos de respecto, de amor, de amizade, de intimidade, de segredos, de mentiras, de soidade, de maldade... **Para saber quen somos realmente** e non ir cara unha sociedade neurótica (ou así din os que saben) por non saber quen somos.

Neste espectáculo imos remoer sobre o que os autores propoñen, evidentemente. Porque considero que fai falla andar remoendo neses **mundos tan débiles e fráxiles do ser humano**, que nos fan mellores persoas, persoas con capacidade de escoitar, de perdoar, de non culpabilizarse, de entenderse, de **saber dicir “quérote”**, de sufrir, de amar, de **“que che pasa”** e...

E ademáis “isto pasa nas mellores familias” (anónimo)

Tentaremos transformar algo que parece moi negro en algo que realmente é moi branco.

En definitiva, **unha obra positiva e luminosa.**

Rosa **ÁLVAREZ**
Directora



ESPECTÁCULOS ANTERIORES

*"CARTAS DE AMOR" de A. R. Gourney
con Mabel Rivera e Xosé M. Olveira "Pico"
Dirección: Avelino González*

*"FOBIAS" de J. L. Prieto
con Rosa Álvarez, Belén Constenla, Flor Maceiras e Iolanda Muíños
Dirección: Lino Braxe*

*"CARAMBOLA" de J. L. Prieto
con Rosa Álvarez, Ernesto Chao, Belén Constenla, Anabell Gago, Elina Luaces e Rebeca Montero
Dirección: Lino Braxe*

*"AS ÚLTIMAS LÚAS" de Furio Bordón
con Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo
Dirección: Xúlío Lago*

*"AEROPLANOS" de Carlos Gorostiza
con Ernesto Chao e Xosé M. Olveira "Pico"
Dirección: Rosa Álvarez*



lagarta lagarta
Figueiredo, 23 - Ponteulla
15885 Vedra
A Coruña

609 432 252 (Ernesto Chao)
675 950 956 (Marta Sacau)
699 969 434 (Rosa Álvarez)
981 512 246 (lagarta lagarta)

lagartalagarta@hotmail.com
lagartalagartaproduccion@gmail.com